

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **5 de febreiro de 2024**.

1. A Coordinadora informa dun cambio puntual de horarios: o 15 de marzo non haberá clases e si as haberá o 18 e 19 de marzo.
2. Apróbanse por unanimidade as seguintes instrucións relativas a cuestións de Traballos de Fin de Máster:
 - A entrega do Traballo de Fin de Máster realizarase en soporte dixital, e polo tanto non se require a súa entrega en papel.
 - O tribunal estará formado por tres membros elixidos por sorteo, na Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial, entre o profesorado do citado máster.
 - A Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial será a encargada de aprobar os títulos e a asignación de Traballos de Fin de máster.
 - Os períodos de lectura serán os aprobados en Xunta de Centro e que xa están publicados.
 - Seguirase a rúbrica que figura no Regulamento de Traballos de Fin de Máster do Máster Universitario en Enxeñaría Informática.
 - A presentación e defensa do Traballo de Fin de Máster realizarase en inglés.
 - A documentación do Traballo de Fin de Máster redactarase en inglés, incluíndo en dita documentación un resumo en galego ou en castelán.
3. Apróbase por asentimento a apertura dun prazo de matrícula para o segundo cuatrimestre.
4. Apróbase por asentimento a asignación provisional dos Traballos Fin de Máster e profesorado Titor para o curso 2023/2024.
5. Apróbase por asentimento o nomeamento dun tribunal para avaliación dos Traballos Fin de Máster.
6. Non hai asuntos de trámite.